

IES San Mamede

Proyecto Lector de Centro.



Revisión: 01
Aprobado: 28/06/2010

Índice

Índice.....	2
Análise da situación da lectura e da escritura no centro	3
Prácticas lectoras e escritoras do alumnado	3
Identificación de logros e dificultades.....	3
Análise das metodoloxías empregadas	4
Recursos materiais e humanos	4
Necesidades de formación do profesorado neste ámbito.....	5
Obxectivos, fundamentos e organización.	7
Introdución.....	7
Fundamentos.....	7
Obxectivos	8
Características dos lectores competentes:.....	8
Lectura de todo tipo de textos, en todo tipo de soportes, con todo tipo de finalidades.	9
Creación e consolidación de hábitos de lectura.	9
Metodoloxías empregadas polos diferentes departamentos.	10
Espazos e tempos (Creación de ambientes lectores).....	20
A biblioteca escolar.	21
Intervencións que convén sistematizar	22
Compendio de actividades en torno á lectura.....	22
Integración das TIC.	23
Implicación das familias e do entorno.	23
Criterios e procedementos de avaliación	24
Instrumentos e procedementos de avaliación do PLC.....	24
Elaboración de instrumentos.....	25
Fontes de información para a avaliación.	25
Plan de traballo	26
Coordinación do proxecto.....	26
Desenvolvemento do plan lector.....	26
Modo de difusión e apoios necesarios.....	27

Análise da situación da lectura e da escritura no centro

Prácticas lectoras e escritoras do alumnado

Partindo dunha enquisa realizada por todo o alumnado de ESO, constatamos que:

- No referente aos *hábitos lectores*: no 1º ciclo de ESO hai máis hábito e gusto pola lectura que no 2º ciclo, sendo as súas preferencias os libros de aventuras e de misterio. Este último xénero é tamén o preferido polo alumnado de 2º ciclo.
Analizando o número de libros lidos no último ano confírmase o dito anteriormente; aínda máis, en 2º ciclo case a metade non leu libro ningún. Mentres que o alumnado de 1º ciclo len na súa maioría máis dunha vez á semana, os de 2º só len ocasionalmente e só cando se lles propón como tarefa.
En xeral, non hai problemas de comprensión, aínda que en 1º ciclo un terzo afirma que só, ás veces, entende o que le.
- *Influencias e medios*: á hora de elixir unha lectura, reciben influencias dos amigos e da publicidade.
A inmensa maioría afirma que aos membros da súa familia gústalles ler e todos teñen libros para eles en casa. Neste apartado non se observan diferenzas entre 1º e 2º ciclo.
- En canto ao uso das *bibliotecas* (do centro, municipal e de aula) a metade do alumnado non leva libros en préstamo de ningunha delas, mentres que un terzo faino ocasionalmente.
- *Hábitos de escritura*: unha maioría notable afirma que lle gusta escribir, dato que hai que tomar con reservas, pois o que máis escriben son correos electrónicos e cartas. Como era de esperar, a unha minoría gústalles escribir pequenos relatos e poemas, sen diferenzas entre ambos os dous ciclos.

Identificación de logros e dificultades

LOGROS

- Mellorouse a comprensión lectora, e tamén a bagaxe do vocabulario persoal do alumnado.
- Dedicán máis tempo á comprensión dos enunciados.
- Hai unha mellora en canto á consolidación do gusto pola lectura.
- Interese pola creación de pequenos textos literarios.
- Participación e acceso á cultura do alumnado e das familias a través da mochila viaxeira.
- Lectura diaria durante, polo menos, 10 minutos.
- Achegamento ao alumnado da utilidade das matemáticas en todos os ámbitos da vida cotiá.

DIFICULTADES

- Cústalles distinguir entre ideas principais e secundarias.
- Falta de tempo.
- Escusa de “non entender” para non ler o libro de lectura obrigatoria.
- Falta de material / obras literarias do mesmo título.

- Falta de motivación por parte do alumnado.
- Falta de hábito lector.
- Entorno negativo de cara a fomentar a práctica lectora.

Análise das metodoloxías empregadas

- Na maioría das materias o profesor dedica un mínimo de 10 minutos á lectura comprensiva antes ou despois de cada unidade didáctica.
- É frecuente o uso de xornais ou revistas para fomentar a lectura de novas reais, moitas veces relacionadas coas unidades didácticas a estudo.
- Nas linguas foméntase a lectura recorrendo a obras literarias, adaptadas se se len nos cursos inferiores da ESO.

O Departamento e Lingua galega e literatura sinala o desenvolvemento das seguintes actividades:

- Deseño e posta en marcha de bibliotecas de aula: material de lectura persoal para cada trimestre durante o curso escolar.
- Elaboración de fichas bibliográficas, análise dos elementos narrativos, valoracións e comentarios críticos de obras literarias...
- Asistencia a conferencias e intercambio de impresións co autor/a de obras literarias lidas durante o curso.
- Participación na conmemoración do Día do Libro.
- Elaboración de traballos para as publicacións e as conmemoracións do centro.
- Recitados poéticos nos eventos do centro.
- En 1º e 2º da ESO posta en marcha da “mochila viaxeira”: conxunto de libros, revistas, xornais, CD musicais e xogos informáticos de carácter didáctico que o alumnado leva á súa casa cunha periodicidade semanal.
- En 3º e 4º da ESO ademais lévanse a cabo outras actividades: elaboración de webquests e miniquests sobre obras literarias e autores que se estuden durante o curso.

Recursos materiais e humanos

RECURSOS HUMANOS

A biblioteca escolar está xestionada polos xefes de departamento que se encargan da compra de material, rexistro e organización de fondos.

O profesorado con garda de biblioteca ocúpase do seu funcionamento durante os recreos en horario de 10:25 a 10:40; e de 12:25 a 12:45. Realiza o servizo de préstamo, atendendo ó alumnado, e ocasionalmente ó persoal do centro, e colocando o material devolto nos andeis correspondentes. Neste horario o alumnado pode acudir o servizo de préstamo ou utilizar a biblioteca como lugar de estudio.

En horario lectivo a biblioteca permanece cerrada ou é utilizada polo alumnado como lugar de estudo, aula ocasional ou ámbito para a realización de traballos que requiren a utilización de material bibliográfico e/ou informático; todas estas actividades sempre son realizadas baixo a supervisión dun profesor.

Ocasionalmente a biblioteca empregase como sala de xuntas de colectivos vinculados ó centro: claustro, titores, delegados, etc.

RECURSOS MATERIAIS

A biblioteca está moi ben situada. Oriéntase cara o leste, o que lle proporciona de maneira natural unha boa iluminación e un ambiente moi temperado. Ten un fácil acceso dende calquera punto do centro; está na primeira planta, próxima á saída da escaleira que sube dende a entrada principal.

O local da biblioteca ten un espazo de 81 metros cadrados. Dispón de vinte e catro lámpadas fluorescentes e tres amplas fiestras que permiten unha adecuada iluminación natural.

Os andeis nos que se colocan os libros sitúanse ó longo dos tres tabiques que non teñen fiestras. Tamén se aproveitaron os espazos entre fiestras para colocar dous expositores e un armario para, respectivamente, expor e gardar outro tipo de materiais.

A biblioteca ten un total de vinte e catro andeis distribuídos por materias e sen rotulación uniforme. Todas as materias dispoñen dun andel agás as de lingua castelá, lingua galega e xeografía e historia que contan con seis, catro e tres respectivamente. Dous andeis están destinados ás enciclopedias e un á comiteca. Outros dous andeis están ocupados con revistas, películas e material de orientación.

O resto do mobiliario está composto por un armario con chave; nove mesas rectangulares de seis prazas; corenta e seis cadeiras; unha mesa con dous ordenadores con conexión a internet ao servizo dos usuarios; unha cadeira e mesa con ordenador, conexión a internet, lector de códigos de barras e impresora para a realización do servizo de préstamo e a catalogación dos fondos. No corredor que dá acceso á biblioteca dispónse dun taboleiro de cortiza destinado á información das novidades adquiridas.

O mobiliario pódese ordenar doutras maneiras para adaptar o espazo da biblioteca a distintas actividades ou para funcións que non lle son propias. Existe tamén a posibilidade de dispor para a biblioteca de aparello de vídeo, televisión, dvd, canón e pantalla para realizar proxeccións.

Os fondos da biblioteca (integrados por obras literarias, obras de consulta, revistas, cómics, enciclopedias e material audiovisual) ascenden a 10.042 rexistros.

O rexistro de fondos e o servizo de préstamo realízase a través do programa Meiga. O profesorado encargado do traballo na biblioteca é instruído ó principio de curso no seu funcionamento e dispón dunha guía de uso para a realización das distintas tarefas.

Todo o material adquirido polo centro ou cedido por editoriais ou organismos é fichado e etiquetado polo departamento correspondente, antes de colocalo no andel respectivo. O etiquetado do material non é uniforme, cada departamento utiliza o seu propio código, aínda que todos coinciden na colocación, en primeiro lugar, das iniciais da materia.

As bibliotecas de aula están constituídas por dicionarios das distintas linguas, que os departamentos respectivos ocúpense de proporcionar; un exemplar de normas ortográficas de lingua galega, libros de lectura en lingua galega nos cursos de 1º, 2º e 3º ESO; e libros de lectura de lingua castelá en primeiro ciclo de ESO.

Os gastos da biblioteca son sufragados con fondos que proveñen directamente dos orzamentos do Centro e cos orzamentos dos departamentos (os orzamentos dos departamentos de linguas dispoñen dunha partida especial para gastos de biblioteca).

O Centro ocúpase do mantemento do espazo e da compra e mantemento do material mobiliario, informático e de oficina. Mentres que os departamentos aportan o material bibliográfico e cinematográfico e son os responsables da súa colocación e coidado.

Necesidades de formación do profesorado neste ámbito.

Solicitamos ao profesorado do claustro que nos informase sobre a súa formación relacionada con proxectos lectores, bibliotecas, clubs de lectura ... Tan só dúas persoas realizaron cursos de bibliotecas. Por outra parte hai unha parte do claustro que ten formación sobre o programa Meiga para a xestión da biblioteca.

Consultamos o plano anual de formación do profesorado e outras dúas persoas integrantes deste claustro participaron nun curso de formación: “Proxectos lectores. Biblioteca escolar, espazo para a lectura II”, que tivo lugar entre o 15 de xaneiro e o 12 de febreiro do 2009.

A formación recibida neste curso permitiunos establecer unhas bases para traballar e comprender, entre outras cousas, que o Proxecto Lector ten que implicar ao profesorado de todas as materias e que o desenvolvemento da biblioteca do centro é fundamental para a potenciación da lectura no centro, e para a formación de lectores competentes.

Obxectivos, fundamentos e organización.

Introdución

Aprender a ler implica o desenvolvemento de estratexias e esquemas para obter o sentido dun texto. Implica o desenvolvemento de esquemas acerca da información que é representada nos textos. Ler é un proceso cognitivo e emocional moi complexo:

1. Actividade individual
2. Esixe esforzo e concentración
3. Necesita paciencia
4. Precisa adestramento
5. Invita á reflexión

A través deste Proxecto Lector pretendemos crear un conxunto de plantexamentos didácticos xerais e de estratexias metodolóxicas que servirán de referencia para a elaboración das programacións das diferentes materias.

Fundamentos

Marco normativo sobre a lectura e o proxecto lector: LOE, Reais Decretos de ensinanzas mínimas e Decretos de currículo.

O REFORZO DA LECTURA NA LOE

- Artigos 19.2/24.7/25.5 (Primaria/Secundaria):
 - Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúns áreas da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da comunicación e da información e a educación en valores traballaranse en todas as áreas.
- Educación Primaria:
 - Artigo 19.3. A fin de fomentar o hábito da lectura dedicarase un tempo diario á mesma.
- Educación secundaria.
 - Artigo 26.2: A fin de promover o hábito da lectura, dedicarase un tempo á mesma na práctica docente de todas as materias.

LOE: NOVOS CURRÍCULOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

- [Decreto 130/2007](#), do 28 de xuño: establece o currículo da educación primaria en Galicia.
 - [O anexo IV está dedicado ó Proxecto lector de centro](#)

- [Decreto133/2007](#), do 5 de xullo: regula as ensinanzas de educación secundaria en Galicia.
 - [O anexo V trata do proxecto lector de centro](#)

Nestas leis trátase o tema da lectura nos seguintes artigos:

PRIMARIA: UN TEMPO MÍNIMO DIARIO PARA A LECTURA

- Decreto de Primaria:
 - Artigo 6º. Coa finalidade de fomentar o hábito da lectura, os centros elaborarán e aplicarán un proxecto lector que se axustará ás liñas básicas que se publican como anexo IV ao presente decreto, asegurándose como mínimo media hora diaria.

SECUNDARIA: LECTURA EN TODAS AS ÁREAS.

- Decreto de Secundaria:
 - Artigo 5º. A lectura constitúe un factor primordial para o desenvolvemento das competencias básicas. Os centros docentes garantirán na práctica docente de todas as materias un tempo dedicado á lectura en todos os cursos da etapa, de acordo co proxecto lector do centro.

Tamén tratan o tema da lectura os seguintes Reais Decretos:

- R.D. Ensinanzas Mínimas de Ed. Primaria (BOE 4-5-2006)
- R.D. Ensinanzas Mínimas de E.S.O (BOE 5-1-2007)

Obxectivos

Os principais obxectivos que pretendemos con este plan lector son:

1. *Formar lectores competentes en todo tipo de textos, en todo tipo de soportes, con todo tipo de finalidades.*
2. *Consolidar hábitos de lectura no centro.*

Características dos lectores competentes:

1. *Utilizan o coñecemento previo para darlle sentido á lectura.*
A información nova apréndese e recórdase mellor cando se integra co coñecemento relevante previamente adquirido ou cos esquemas existentes.
2. *Monitorean a súa comprensión durante todo o proceso da lectura.*
Os bos lectores son máis coidadosos na súa lectura que os que non o son, son máis conscientes do ben ou mal que están lendo e utilizan diversas estratexias para corrixir os seus erros de lectura unha vez que se decatan da situación.

3. *Toman os pasos necesarios para corrixir os erros de comprensión unha vez que se dan conta de que interpretaron mal o lido.*
Os bos lectores saben o que hai que facer tan pronto como se dan conta de que non entenden o que están lendo e están dispostos a volver ao texto para resolver calquera problema de comprensión.
4. *Poden distinguir o importante nos textos que len.*
Determinar qué é importante nunha lectura é fundamental no proceso de comprensión. Os lectores determinan o que é importante para eles dependendo do propósito da súa lectura.
5. *Resumen a información cando len.*
Moitos estudos confirman a utilidade de resumir como unha estratexia de estudo e de comprensión de lectura.
6. *Fan inferencias constantemente durante e despois da lectura.*
As inferencias son a alma do proceso de comprensión e recoméndase que se utilicen desde os primeiros grados.
7. *Preguntan.*
Este proceso de xerar preguntas, sobre todo as que estimulan os niveis superiores do coñecemento, levan a niveis máis profundos do coñecemento do texto e deste modo mellora a comprensión e a aprendizaxe (Andre y Anderson, 1979).

Lectura de todo tipo de textos, en todo tipo de soportes, con todo tipo de finalidades.

Tipos de textos considerados en PISA	
Textos continuos	Textos discontinuos
Descrición	Formularios
Narración	Anuncios
Exposición	Diagramas e gráficos
Argumentación	Esquemas
Instrución	Táboas
	Mapas

Creación e consolidación de hábitos de lectura.

Tipos de lectura: Lectura intensiva e lectura extensiva.	
Lectura intensiva	Lectura extensiva
Con textos curtos	Con textos longos
Explotación didáctica na aula	Lectura máis "natural" fóra da aula
Énfase no entrenamento de microhabilidades	Énfase no fomento de hábitos e praceres de lectura
Énfase en diversos tipos de comprensión: idea central, detalles, reflexión gramatical, etc.	Comprensión global
Incluída nos libros de texto.	Relacionada coa biblioteca de clase, de centro, de barrio, etc.

Metodoloxías empregadas polos diferentes departamentos.

Presentamos a continuación cales son as metodoloxías empregadas polos distintos departamentos didácticos existentes no noso centro:

DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA

En cada clase dedicaranse como mínimo 10 minutos a lectura comprensiva e comentario de textos (libro de texto, noticias do xornal relacionadas co tema, buscar en internet información, seleccionar ler e comentar en clase).. Tamén se fará unha lectura en alto de algúns problemas, analizando e comentando os datos como paso inicial para resolver o problema; así como dos enunciados das distintas actividades de cada unha das unidades didácticas.

En todos os temas buscarase unha noticia de actualidade, no xornal ou en algunha revista, relacionada con algún aspecto que esteamos tratando, e a partir desta realizaranse algunhas actividades

DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA

1. Tratamos que a lectura comprensiva, se complementa cun resumo oral do alumno, que servirá para que se acostume a falar en público.
2. Fomentamos a consulta e o bilingüismo: Utilizamos o dicionario de termos económicos, en galego e tamén en castelán.
3. Libros de lectura obrigatoria e optativa para os alumnos de terceiro da E.S.O., Primeiro de bacharelato, ciclos e P.C.P.I., adaptados a cada nivel.
4. Referente o punto anterior, cada trimestre pediráselle o alumno un resumo do libro que leu. Fará na clase unha exposición oral, para fomentar a seguridade do alumnado. Tamén entregará o resumo por escrito para ser avaliado sobre o contido.
5. Fomentamos a lectura, coñecemento de temas de actualidade e acercamento a realidade diaria, utilizando a prensa diaria na aula e comentando as novas relacionadas co temario. O proceso será o seguinte:
 - O alumno elixirá un artigo, lee a noticia e anota aqueles termos que non entende, logo busca o seu significado no dicionario. Trata de entendelo cos datos que ten, se non o ten claro é o profesor quen llo explicará.
 - Fai un resumo da noticia.
 - Opinión persoal o respecto.

DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA

En cada clase dedicaranse como mínimo 15 minutos a lectura comprensiva e comentario de textos (libro de texto, noticias do xornal relacionadas co tema que se estuda, información de internet ...).. Tamén se fará unha lectura en alto dalgúns problemas, cuestións e exercicios analizando e comentando os datos así como toda a información contida nos mesmos, como paso inicial para resolvelos axeitadamente.

En todos os temas buscaranse noticias de actualidade, no xornal ou en algunha revista, relacionadas con algún aspecto que esteamos tratando, e a partir delas realizaranse algunhas actividades.

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

Dedicaremos á lectura un 25% do tempo previsto para cada unidade.

Para os grupos de 2º ESO en diante, está prevista a lectura dun libro adaptado ao seu nivel, do que posteriormente se fai unha proba de comprensión.

PASOS NA TAREFA DE LECTURA EN CLASE DE FRANCÉS:

1. Lectura do texto en voz baixa, na casa. (Esta lectura prodúcese tras copiar o texto e traducilo coa axuda dun dicionario).
2. Aclaración das dúbidas que xurdiron sobre o significado.
3. escoita do texto gravado en formato audio mentres se realiza en voz baixa a segunda lectura.
4. Lectura do texto en voz alta, poñendo especial interese na pronuncia do mesmo.

Segundo estes pasos, as actividades que se realizan antes, durante e despois son as seguintes:

1. ACTIVIDADES ANTES DA LECTURA.

- Preparar e motivar ó alumnado para a lectura: presentar o texto/libro, delimitar o obxectivo da lectura (para que se vai a ler, que actividades se van a facer en relación á lectura).
- Vincular a lectura con algún aspecto abordado na secuencia didáctica que se esté levando a cabo.
- Charlar sobre o formato da lectura, título, nome do autor, algunha personaxe relevante,....
- Aventurar características do texto, informacións, contidos, personaxes, accións,... a partir do que o título, ilustracións ou gráficos suxiren (de que pode tratar o texto/libro).
- Conversar sobre aspectos que aparecen no texto e conéctalos con a experiencia vital do alumnado (que saben do tema, que é o que lles suxire...)
- Estimular a realización de comentarios espontáneos do alumnado co fin de compartir ideas previas, expectativas e intereses ante a lectura.

2. ACTIVIDADES DURANTE A LECTURA.

- Verbalizar as dificultades que vaian aparecendo no proceso lector, delimitalas (problemas de vocabulario, de relación entre as frases, de xerarquización de ideas, ... concretar a súas causas e a súa influencia na comprensión do texto).
- Abordar os erros, aspectos confusos e dúbidas usando estratexias diversas, adecuadas ó obxectivo lector e ó tipo de texto: proseguindo a lectura, analizando o contexto, acudindo ó dicionario e a outras fontes, mediante a relectura, consultando a dificultade con outras persoas.
- Estimular e ser receptivos á formulación de comentarios espontáneos e de preguntas por parte do alumnado.

3. ACTIVIDADES DESPOIS DA LECTURA.

- Facer resumos orais e tamén escritos con a axuda do profesor, o apoio de imaxes, diagramas ou de fragmentos do texto....
- Realizar actividades creativas diversas a partir da lectura, adaptadas á idade dos alumnos: dramatizacións, elaboración de comentarios, actividades de escritura,
- Estimular a realización de comentarios espontáneos do alumnado co fin de compartir ideas, impresións e emocións provocadas pola lectura.

DEPARTAMENTO DE INGLÉS

En cada unha das clases dedicarase un tempo para actividades de lectura, tanto facendo exercicios de lectura/ comprensión de texto, como mesmo á hora de ler os enunciados dos exercicios. O tempo non está medido para estas actividades, xa que se fan a cotío ó longo da clase.

Lectura dun libro en cada nivel, tanto na ESO como en Bac.

1. ACTIVIDADES A REALIZAR ANTES DE LER.

- Preparar e motivar ó alumnado para a lectura: presentar o texto/libro, delimitar o obxectivo da lectura (para que se vai a ler, que actividades se van a facer en relación á lectura).
- Charlar sobre o formato da lectura, título, nome do autor, algunha personaxe relevante,....

- Aventurar características do texto, informacións, contidos, personaxes, accións a partir do que o título, ilustracións ou gráficos suxiren (de que pode tratar o texto/libro).
 - Conversar sobre aspectos que aparecen no texto e conectalos con a experiencia vital do alumnado (que saben do tema, que é o que lles suxire...)
 - Estimular a realización de comentarios espontáneos do alumnado co fin de compartir ideas previas, expectativas e intereses ante a lectura.
2. ACTIVIDADES A REALIZAR DURANTE A LECTURA.
- Verbalizar as dificultades que vaian aparecendo no proceso lector, delimitalas (problemas de vocabulario, de relación entre as frases, de xerarquización de ideas, ... concretar a súas causas e a súa influencia na comprensión do texto.
 - Abordar os erros, aspectos confusos e dúbidas usando estratexias diversas, adecuadas ó obxectivo lector e ó tipo de texto: proseguindo a lectura, analizando o contexto, acudindo ó dicionario e a outras fontes, mediante a relectura, consultando a dificultade con outras persoas.
 - Estimular e ser receptivos á formulación de comentarios espontáneos e de preguntas por parte do alumnado.
3. ACTIVIDADES A REALIZAR DESPOIS DE LER.
- Facer resúmenes orais e tamén escritos con a axuda do profesor, o apoio de imaxes, diagramas ou de fragmentos do texto....
 - Realizar actividades creativas diversas a partir da lectura, adaptadas á idade dos alumnos: dramatizacións, elaboración de comentarios, actividades de escritura,
 - Estimular a realización de comentarios espontáneos do alumnado co fin de compartir ideas, impresións e emocións provocadas pola lectura.

DEPARTAMENTO DE L. E LIT. GALEGA

OBXECTIVOS DAS ACTIVIDADES DE COMPRENSIÓN LECTORA

1. Comprender os propósitos explícitos e implícitos da lectura: que, por que e para que se le?
2. Activar e achegar á lectura os coñecementos previos.
3. Dirixir a atención ao fundamental.
4. Avaliar a consistencia do contido e a súa compatibilidade co coñecemento previo e co que dita o sentido común.
5. Comprobar continuamente se a comprensión ten lugar a través da revisión, recapitulación ou autointerrogación.
6. Elaborar e probar inferencias: interpretacións, hipóteses, predicións e conclusións.

ACTIVIDADES ANTES DA LECTURA

- Para activar o coñecemento previo e para establecer predicións
 1. Dar unha información xeral sobre o tema ou a estrutura do texto.
 2. Fixarse nas ilustracións, títulos, palabras clave e marcas tipográficas.
 3. Exposicións do alumnado sobre o que coñece do tema.
 4. Vincular o texto con algún concepto traballado.
- Para promover as preguntas do alumnado
 1. Fixarse na superestrutura textual para realizar preguntas pertinentes (narrativa, descritiva, agrupadora, comparativa...).
 2. Buscar información sobre algún dato concreto.
 3. Avanzar algún aspecto do argumento.
 4. Compartir as expectativas ante a lectura.

ACTIVIDADES DURANTE A LECTURA

- Compartidas (docente e alumnado, pequeno grupo ou parellas)
 1. Resumir o lido e solicitar o acordo.
 2. Pedir aclaracións ou explicacións sobre dúbidas.
 3. Formular preguntas.
 4. Establecer predicións sobre o que queda.
- Independentes (realizadas polo alumnado)
 1. Establecer predicións sobre o que queda.
 2. Detectar erros ou inconsistencias nos textos.
 3. Encher textos con lagoas, co punto de mira na coherencia, non na exactitude formal.
 4. Redactar o resumo de fragmentos.

DESPOIS DA LECTURA

Modelo da/o docente

- Explica en que consiste a idea principal e a utilidade de sabela encontrar ou xerar.
- Revisa o obxectivo da lectura e activa o coñecemento previo.
- Sinala o tema e os indicadores ou marcas útiles que presenta o texto.
- A medida que le, informa do que retén, do que omite, de como organiza a información e amosa a idea principal se está explícita.
- Ao final da lectura, explica a elaboración da idea se non estaba explícita e formúlaa de diferentes formas.

O alumnado realiza o proceso individualmente e revísase en gran grupo.

1. Identificar o tema.
2. Identificar a idea principal.
3. Detectar a relevancia textual.
4. Acceder ás ideas principais por omisión, selección, situación e elaboración.
5. Formular e responder preguntas.
6. Confeccionar un esquema.
7. Elaborar un resumo (Estratexias de escrita).

DEPARTAMENTO DE L. E LIT. CASTELÁ

1. Actividades antes de ler.
 - a) Actividades realizadas:
 - Situar ao autor e a lectura nun contexto social o literario.
 - Establecer a finalidade do texto e da lectura.
 - Conectar a lectura co currículo da materia.
 - b) Novas propostas:
 - Considerar os aspectos máis externos do libro como elemento de coñecemento e motivación: forma, título, ilustracións, deseño de páxina, etc.
 - Consideración das expectativas derivadas da tipoloxía textual.
 - Posta en común das impresións iniciais.
 - Propor ideas sobre as expectativas da lectura: tema, desenrolo, etc.
2. Actividades durante a lectura
 - a) Actividades realizadas:
 - Ensaia distintos tipos de lectura segundo a forma e a finalidade: en silencio o en voz alta; lectura literaria, de contidos, etc.

- o Asegurar a comprensión ca posibilidade de volver atrás na lectura e co emprego do dicionario.
- o Corrixir os erros de lectura.
- b) Novas propostas
 - o Aventurar hipóteses de sentido e significados que permitan un desenrolo áxil da lectura.
 - o Analizar o desenrolo do contido relacionándoo coas expectativas iniciais y propondo outras novas.
 - o Verbalizar y por en común as dificultades e erros detectados no proceso lector; propor medidas para superalos.
- 3. Actividades despois da lectura
 - a) Actividades realizadas:
 - o Recapacitar sobre o lido, sobre o nivel de comprensión e realizar distintas actividades segundo o tipo de texto e a finalidade da lectura.
 - o Relacionar o texto co currículo da materia.
 - o Reflexionar sobre a estrutura do texto e o proceso de elaboración de textos similares.
 - o Considerar as dificultades de comprensión que plantexa o texto de lectura.
 - b) Novas propostas:
 - o Expresar verbalmente el contido do texto e debater sobre o sentido do mesmo, ideas, conceptos.
 - o Elaborar resumos, esquemas, traballos gráficos que expresen el contido del texto y faciliten su comprensión.
 - o Considerar outras versións escritas ou en outros formatos para comprobar las diferencias y comentalas.
 - o Introducir modificacións no desenrolo do texto ou no seu final e reflexionar sobre as consecuencias que implica.
 - o Organizar debates e outras actividades a partir do contido del texto.

DEPARTAMENTO DE LÁTIN

Cultura Clásica – 3º e 4º ESO:

A materia Cultura Clásica contribúe ó fomento da lectura e da escritura, concretado no Proxecto Lector do Centro, con diversas estratexias e actividades:

- Cada unidade didáctica do libro de texto comeza coa lectura dun texto clásico, en tradución accesible ó nivel do alumnado, case sempre de tema mitolóxico, ou ben sobre outros aspectos do mundo clásico, co que se pretende aproximar aos alumnos ós aspectos da civilización grecolatina que se tratarán a continuación, pero tamén potenciar a comprensión lectora mediante actividades variadas: análise da estrutura do texto, localización das ideas principais, identificación dos rasgos culturais, realización de esquemas e resúmenes, ampliación do vocabulario.
- Tamén se utilizará a lectura de textos específicos para o estudo do léxico de orixe grega e latina, acompañados de exercicios variados, con vistas a mellorar a comprensión e expresión dos alumnos, así como a ampliar o vocabulario propio.
- A partir dos textos estimularanse tanto a expresión oral, mediante debates e coloquios sobre os aspectos socioculturais tratados, que fomenten o espírito crítico, coma a expresión escrita, mediante actividades de carácter creativo como redaccións, poemas ou cómics.

A estas actividades dedicarase un cuarto de hora en cada clase, aínda que ocasionalmente, e sempre en relación cos contidos tratados nese momento, utilizarase todo o tempo da clase para unha lectura dramatizada ou un relato breve sobre o mundo clásico.

Latín – 4º ESO:

A materia de Latín contribúe ó fomento da lectura e da escritura, concretado no Proxecto Lector do Centro, con diversas estratexias e actividades:

- Cada unidade didáctica do libro de texto comeza coa lectura dun texto relativo ó mundo clásico, co que se pretende aproximar aos alumnos ós aspectos da lingua e da civilización grecolatina que se tratarán a continuación, pero tamén potenciar a comprensión lectora mediante actividades variadas: análise da estrutura do texto, localización das ideas principais, identificación dos rasgos culturais, realización de esquemas e resúmenes, ampliación do vocabulario.
- Tamén se utilizará a lectura de textos específicos para o estudo do léxico de orixe grecolatina, acompañados de exercicios variados, con vistas a mellorar a comprensión e expresión dos alumnos, así como a ampliar o vocabulario propio.
- A partir dos textos estimularanse tanto a expresión oral, mediante debates e coloquios sobre os aspectos socioculturais tratados, que fomenten o espírito crítico, coma a expresión escrita, mediante actividades de carácter creativo como redaccións, poemas ou cómics.

A estas actividades dedicárase un cuarto de hora en cada clase, aínda que ocasionalmente, e sempre en relación cos contidos tratados nese momento, utilizarase todo o tempo da clase para unha lectura dramatizada ou un relato breve sobre o mundo clásico.

Neste nivel hai dúas lecturas obrigatorias para todo o curso:

- 1º cuatrimestre: LIVERY, Penelope: En busca de una patria. La historia de la Eneida, ed. Vicens Vives, col. “Clásicos adaptados”
- 2º cuatrimestre: Unha novela de temática clásica, como pode ser BLANCO, Valentina: Veni, vidi en bici, ed. Alaguara, serie roja

DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

A materia de Matemáticas contribúe ó fomento da lectura e da escritura, concretado no Proxecto Lector do Centro, con diversas estratexias e actividades:

- Potenciamos a lectura comprensiva dos problemas, seguindo o seguinte esquema:
 - Comprensión do enunciado.
 - Planificación e resolución.
 - Revisión e coherencia do resultado e do proceso seguido.
- Achegamos ós alumnos a utilidade das Matemáticas en todos os ámbitos.
- Rematamos cada unidade didáctica do libro coa lectura dun texto relacionado coas Matemáticas, ben sexa histórico, curiosidades, paradoxos, xogos, divulgación....
 - A estas actividades dedicárase dez minutos en cada clase.
- En períodos de vacacións foméntase a lectura de libros de divulgación relacionados coas Matemáticas.

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

OBXECTIVOS

- Desenvolver as actividades que interveñen directamente no ámbito lector: atención, comprensión, intuición, velocidade, habilidade visual, memoria, anticipación, ...
- Dominar diferentes tipos de lectura: silenciosa, en grupo, ...
- Lectura de textos en voz alta para traballar: ritmo, entoación,...
- Axudar o alumnado a descubrir e tomar conciencia do valor e pracer da lectura.
- Fomentar o gusto pola literatura e o linguaxe poético.
- Utilizar distintos soportes da linguaxe escrita: libros, periódicos, revistas, ordenador, ...

ACTIVIDADES ANTES DA LECTURA

- Presentar o texto o alumnado explicando o seu contido.
- Conversar sobre o título, autor, ilustrador, ...
- Ver os aspectos que aparecen no texto que teñen que ver ca súa experiencia vital.
- Avanzar algo do seu argumento a partir dos datos que temos.

ACTIVIDADES DURANTE A LECTURA

- Facer preguntas que nos informen do seu nivel de comprensión
- Verbalizar como sentiron o lido ata o momento.
- Estimular e ser receptivos ós comentarios espontáneos do alumnado
- Adiantar predicións sobre o que queda.

ACTIVIDADES DESPOIS DA LECTURA

- Realizar resúmenes orais da lectura.
- Imaxinar posibles continuacións ou modificacións dalgún aspecto da lectura.
- Realizar actividades creativas diversas a partir da lectura, adaptadas á capacidade do alumnado.
- Formular e responder preguntas, recontar aspectos parciais do texto ou analizar apartados específicos que favorezan a interpretación de textos.

DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

EXEMPLOS DE ACTIVIDADES A REALIZAR ANTES DE LER

- Preparar e motivar ao alumnado para a lectura
- Vincular a lectura con algún aspecto abordado
- Explorar o libro, texto, diagrama, cadro, formulario, contexto histórico.

EXEMPLOS DE ACTIVIDADES A REALIZAR DURANTE A LECTURA

- Analizar e valorar o grao de comprensión sobre as informacións
- Introducir comentarios, preguntas, actividades diversas (orais, escritas, plásticas)
- Verbalizar as dificultades que aparezan no proceso lector
- Verbalizar o sentido do lido ata un momento dado

EJEMPLOS DE ACTIVIDADES A REALIZAR DESPOIS DE LER

- Reconstruír individual ou colectivamente as ideas principais, o fío argumental, a estrutura do texto, os datos máis significativos dunha táboa, gráfico, mapa, etc.
- Realizar resumos orais coa axuda do docente
- Plantexar posibles continuacións ou modificacións nalgún aspecto da lectura.

DEPARTAMENTO DE MÚSICA

1. Lectura detida dun texto relacionado co tema a tratar na aula, ben sexa do libro de texto ou de calquera outra fonte documental.
2. Subliñado das ideas máis importantes recollidas no texto.
3. Busca no dicionario do significado daqueles termos ou palabras que sexan de difícil comprensión por parte do alumnado, e explicación dos mesmos a través da utilización dos mesmos noutras frases creadas por eles.
4. Realización dun pequeno esquema onde se recollan as ideas máis importantes anteriormente subliñadas.
5. Reelaboración de ditas ideas mediante a expresión con palabras propias do que as mesmas expresan.
6. Realización dunha pequena crítica persoal sobre as ideas expresadas no texto, e sempre que o contido do mesmo o permita. A crítica deberá conter a expresión de ideas propias relacionadas co texto, e o razoamento adecuado sobre o que se sostén a mesma

DEPARTAMENTO DE INFORMÁTICA

Obxectivos das actividades de comprensión lectora

- Fomentar no alumnado o hábito da lectura. Mostrarse a lectura como o único xeito de estar actualizado nunha disciplina tan dinámica como é a Informática.
- Que o alumnado sexa capaz de comprender e empregar unha linguaxe técnica.
- Capacitar ao alumnado para o correcto seguimento das instrucións de instalación, de utilización ou de solución de erros, que se inclúen nos manuais técnicos de programas e de dispositivos.
- Comprender a idea global e extracción das ideas principais como punto de partida para a busca de información que amplíe o coñecemento sobre un tema determinado.

Actividades de comprensión lectora

- Lectura comprensiva das unidades didácticas. Empregaranse os libros de texto e/ou os apuntamentos aportados polo profesorado.
 - Antes de que o docente explique a materia entregarase ao alumnado toda a documentación necesaria.
 - O docente fará unha exposición inicial na que introducirá ao alumnado na materia.
 - O alumnado, despois da lectura, extraerá a idea global e as ideas principais nas que se afondará.
- Linguaxe técnica. Aportaranse libros e revistas técnicas.
 - Extraeranse os termos técnicos para a elaboración de glosarios.
 - Analizarase a linguaxe formal.
 - O alumnado elaborará manuais de usuario, partes de incidencias e outros documentos técnicos.

- Seguimento de instrucións. Aportaranse manuais de usuario e documentación técnica de programas, equipos e dispositivos.
 - Seguiranse paso a paso as instrucións necesarias para a solución dun problema ou a realización dunha actividade.
 - O alumnado elaborará as súas propias guías e manuais de usuario para a resolución de problemas.
- Fomentarse o uso de Internet para a busca de información, en páxinas especializadas, que amplíe o coñecemento na temática a tratar.
- Consultaranse foros de discusión para a procura de solucións a problemas semellantes ao que se tenta resolver.
- Recopilaranse novas relacionadas coa Informática e as novas Tecnoloxías, aparecidas en xornais, revistas e Internet.

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

INTRODUCCIÓN:

Partimos da análise dos documentos proporcionados na CCP polos profesores encargados da coordinación do Plan Lector do Centro.

Co fin de participar no Proxecto Educativo do Centro propoñemos unhas medidas para o fomento da lectura que inclúen obxectivos, metodoloxía e avaliación que se adaptan a materia de Educación Física.

Palabras clave: LECTURA - COMPRESIVA – EXPLICACIÓN

1. ANÁLISE DA LECTURA NA MATERIA DE EDUCACIÓN FÍSICA:

En Educación Física fomentamos de forma integrada as capacidades do ser humano, é dicir, a competencia motriz, isto é, saber facer (habilidades motrices), saber explicar (coñecementos teórico - prácticos) e saber comportarse (respecto as normas).

A Educación Física ten un claro carácter procedemental ou práctico no que se inclúen valores e a comprensión de coñecementos teórico - prácticos.

Para a entendemento e avaliación da competencia motriz do alumnado, dividimos os criterios de avaliación en tres apartados sumativos:

- Teóricos ou conceptos
- Prácticos ou procedementais
- Comportamento ou actitudes

Dentro do apartado Teórico é onde incluimos a lectura comprensiva e complementaria da práctica que realizamos nunha Unidade Didáctica.

A continuación concretamos os obxectivos, metodoloxía, medidas propostas e avaliación da lectura.

2. OBXETIVOS:

- Fomentar a lectura comprensiva e sintética.
- Elaborar documentos escritos lexibles e ortograficamente correctos.
- Ser capaz de explicarse en lingua galega ou castelá con corrección oral .
- Seleccionar información de interese da Biblioteca ou Internet.

3. METODOLOXÍA DIDÁCTICA:

Empregamos dous métodos segundo a medida proposta.

DIRECTIVO: o profesor entrega apuntes ou artigos para a súa lectura.

INDAGACIÓN: O alumnado investiga ou busca información na Biblioteca ou Internet sobre un tema concreto relacionado coa Unidade didáctica que tratemos, para a súa lectura, realización dun traballo escrito a man e posterior exposición oral.

4. MEDIDAS PROPOSTAS:

Relacionamos os obxectivos coa metodoloxía empregada en cada proposta.

1º. TRABALLO TEÓRICO: relaciónase cos catro obxectivos propostos e coa metodoloxía de indagación da/o alumna/o.

Consiste en buscar información sobre un tema de interese de acordo coa Unidade Didáctica que tratemos para facer unha lectura comprensiva; resumila por escrito e posteriormente, facer unha exposición oral pública.

2º. APUNTES TEÓRICOS ADAPTADOS A CADA CURSO: relaciónase cos tres primeiros obxectivos e coa metodoloxía directiva e de indagación.

Consiste e ler os apuntes que proporciona o profesor e realizar dez preguntas tipo test con catro opcións e contestalas para entregar ó profesor.

3º. ARTIGOS: relaciónase co obxectivo número un e coa metodoloxía directiva.

Consiste en facer unha lectura que entrega o profesor, extraída da prensa, revistas de Educación Física, deportivas ou páxinas de internet.

5. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS:

1º. LESIONADOS TEMPORALMENTE: Lectura dun artigo ou apuntes teóricos relacionados coa sesión ou Unidade Didáctica.

2º. FALTA DE ASISTENCIA DO PROFESOR: Na Garda de Aula, o alumnado aproveita o tempo lendo os apuntes proporcionados ou realiza o traballo demandado.

6. AVALIACIÓN:

O apartado Teórico ten unha porcentaxe de valoración dentro dos criterios de cualificación da materia de Educación Física. Cada medida proposta valórase de un a dez, prestando atención á comprensión do que a/o alumna/o leu, á corrección ortográfica, construción gramatical e lexibilidade do traballo.

DEPARTAMENTO DE DEBUXO

Este departamento fomenta a lectura desde dous aspectos:

- Lendo cada unha das unidades didácticas na aula. Corrixindo entoación, atopando sinónimos a palabras alleas a eles co fin de favorecer, non só a fluidez na lectura, se non a comprensión lectora. Favorecer o emprego do DICCIONARIO na aula.
- Levando a clase á Biblioteca. Fomentar traballos onde sexa preciso o uso da biblioteca. Que os rapaces/zas se decaten de que a biblioteca é unha enorme fonte de información. E, polo tanto, os libros fonte de sabedoría e coñecemento. Que os libros poden axudar a resolver dúbidas ou a atopar solucións a exercicios diversos

DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN

Actividades para realizar antes da lectura:

1. Preparar e motivar ao alumnado para a lectura: presentar o texto, explicar o seu interese (para que se vai ler).

Actividades para realizar durante a lectura:

1. Reconstruír individual e/ou colectivamente as ideas principais.
2. Realizar resumos orais coa axuda do docente.

Actividades para realizar despois da lectura:

1. Analizar e valorar o grao de comprensión sobre as informacións, datos de cadros ou gráficos, acontecementos, personaxes, situacións... que van aparecendo no texto.
2. Introducir comentarios, preguntas, actividades diversas (orais, escritas, plásticas)

DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA

Na materia de tecnoloxía usamos basicamente tres tipos de textos:

1. O libro de texto que leen os alumnos en alto.
2. Enunciados de problemas.
3. Pequenos textos que aparecen o remate de cada tema e que falan sobre datos curiosos relacionados co tema.

Ademais na aula taller temos unha biblioteca de aula onde atópanse os libros de tecnoloxía que hai no centro e que o alumnado usa para buscar información antes de facer o proxecto de cada avaliación.

ANTES DE LER:

Antes de comezar co tema , faise un cuestionario sobre os coñecementos previos que o alumnado ten sobre o tema que se vai ver.Neste cuestionario só interveñen os alumnos e o profesor ten un mero papel de moderador .Esta actividade os motiva e esperta a súa curiosidade sobre o que se vai ler a continuación.

DURANTE A LECTURA:

Durante a lectura en voz alta , o profesor explica algúns conceptos que poden resultar de certa dificultade para o alumnado, resólvense dúbidas sobre o vocabulario descoñecido e se formulan preguntas sobre o lido para ver si o alumnado a entendido o texto.

DESPOIS DA LECTURA:

O remate da lectura do texto fanse esquemas ou cuestións de comprensión do texto.No caso de enunciados dos problemas o alumno ten que facer un esquema dos datos aportados no enunciado e si é o caso un debuxo explicativo do mesmo.

Espazos e tempos (Creación de ambientes lectores)

Consideramos que a lectura debe estar integrada no currículo de cada materia. Debe figurar, en cada materia, como un dos obxectivos e contidos básicos. (A lectura é cousa de todos e non necesariamente require espazos e tempos exclusivos para o seu desenvolvemento).

A biblioteca escolar.

É o centro de recursos para o ensino e a aprendizaxe de todas as materias.

Estase empregando a biblioteca para:

- Préstamo de libros e materiais audiovisuais.
- Consulta de información en soporte de papel ou dixital.
- Elaboración de traballos relacionados coas diferentes materias.
- Actividades relacionadas coa lectura.

Existe tamén a posibilidade de acceder á biblioteca en horas de clase, acompañado/a polo profesor/a de garda correspondente.

Intervencións que convén sistematizar

Entre o profesorado do centro trabállase de maneira desigual, tanto a utilización didáctica da biblioteca coma as actividades de promoción da lectura (principalmente levadas a cabo polos departamentos de lingua española e lingua galega) e tamén o desenvolvemento de proxectos documentais ou de investigación e de ensino de habilidades de uso da información e a consulta de múltiples fontes.

Coa situación actual, a formación que recibe un alumno sobre o acceso á información depende do profesorado que lle imparta docencia ao longo da súa estancia no centro e non obedece a unha planificación e coordinación previas.

Neste apartado pretendemos elaborar unha serie de concrecións para tentar mellorar este aspecto.

O Departamento de lingua galega e literatura propón unha serie de aspectos que convén sistematizar no centro:

1. Diseñar as estratexias comúns aplicables á lectura expresiva, á comprensión lectora e á redacción e presentación de textos (resumos, respostas de exames, exposicións sobre temas, etc.).
2. Diseñar actividades de educación documental: formación de usuarios da biblioteca, utilización de fontes informativas en diferentes soportes, Internet, pasos para a elaboración de proxectos documentais (PIT e outros).
3. Aproveitar as bibliotecas de aula como un apoio ao PLC, fomentando o seu uso (todo o profesorado e especialmente o profesorado de garda) para as sesións sen profesorado nin traballo específico e para os momentos de lecer.
4. Incorporar outras infraestruturas do contorno: bibliotecas públicas.
5. Establecer os criterios e procedementos de avaliación e elaborar os instrumentos.

Compendio de actividades en torno á lectura.

1. ACTIVIDADES A REALIZAR ANTES DE LER.

Resposta a un cuestionario inicial para descubrir os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema.

Noutros casos faise unha presentación do texto / libro de lectura, iniciando unha charla que conduza a unha posta en común das ideas previas sobre o que se vai ler.

O obxectivo das dúas actividades é motivar ós alumnos e espertar a súa curiosidade. Nos dous casos o profesor actúa só como coordinador / orientador.

2. ACTIVIDADES A REALIZAR DURANTE A LECTURA.

Inicialmente pídesse ós alumnos que fagan unha lectura personalizada do texto para detectar posibles lagoas de comprensión do mesmo. Axuda externa: dicionario ou internet.

Resposta a unhas preguntas breves, orais ou escritas, sobre o contido do texto, para asegurar a súa comprensión

Lectura en voz alta do texto ou partes do mesmo con a prosodia adecuada.

3. ACTIVIDADES A REALIZAR DESPOIS DE LER.

Recapacitar sobre o lido es sobre o nivel de comprensión, facendo resúmenes orais ou escritos, así como esquemas (que poden incluír datos ou debuxos explicativos).

Identificar o tema.

Realizar actividades creativas diversas a partir de lectura, adaptadas ás competencias dos alumnos.

Integración das TIC.

As TIC están presentes tamén no proceso de lectura, fundamentalmente a través da catalogación e consulta dos fondos a través do programa MEIGA, que permite estar conectado tamén a ampla rede de bibliotecas.

Cada materia especificará na súa programación en que maneira empregan as Tecnoloxías da Información e da Comunicación.

Implicación das familias e do entorno.

Como o proceso de lectura forma parte do proceso de ensino-aprendizaxe, as familias realizan un seguimento tamén desta actividade como unha máis.

Tamén participan a través da iniciativa levada a cabo polo departamento de lingua galega e literatura chamado as mochilas viaxeiras.

O concello de Maceda tamén colabora co centro con actividades relacionadas (invitación de escritores ou ilustradores, realización de obras teatrais...)

Criterios e procedementos de avaliación

A avaliación do Plan Lector centrarase, por una parte, na realización das actuacións propostas no mesmo e, por outra, na evolución das capacidades lectoras dos alumnos.

A avaliación realizarase, no posible, dende a mesma práctica cotiá da actividade lectora; e centrarase en valorar a utilización por parte da comunidade educativa dos métodos e prácticas propostos, no aumento da actividade e capacidade lectora dos alumnos, e no uso da biblioteca como centro de esta actividade e lugar onde se pode obter todo tipo de material e información.

Ó longo do curso os responsables da biblioteca escolar, xunto cos coordinadores de ciclo, xefes de departamento e o equipo coordinador do PLEC, deben dispor duns indicadores e duns criterios que lles permitan valorar e coñecer a calidade dos traballos, así como o funcionamento de tódolos axentes e elementos relacionados co proxecto lector.

Desta maneira, na avaliación terase en conta:

1. Implicación e apoio da familia. A posesión de libros no ámbito familiar axuda ó desenvolvemento do habito lector no alumno. Ademais a familia tamén debe coñecer e apoiar o PLEC, converténdose nun elemento máis de dinamización do mesmo.
2. A colaboración ca biblioteca pública municipal. Este é un espazo de lectura libre a partir do cal se poden crear novos hábitos lectores.
3. Actividades Lectoras en Internet. É un lugar de lectura que ofrece múltiples posibilidades e de gran interese para os alumnos; polo tanto debese ter en conta no desenvolvemento de actividades lectoras.
4. Funcionamento da biblioteca escolar. A biblioteca escolar debe ser o centro da actividade lectora. É un espazo tanto para a lectura libre como guiada; é o centro das actividades en materia de lectura e tamén o lugar onde se pode obter materiais relacionados con esta actividade. Polo tanto o funcionamento e a actividade da biblioteca será un indicador fundamental na avaliación do PLEC.
5. A lectura na aula. A aula debe dispor dunha biblioteca de aula e dun tempo dedicado a lectura, co desenvolvemento de actividades dedicadas á práctica da lectura e o seu perfeccionamento.

A avaliación do PLEC terá que partir dunha situación inicial. Farase una valoración da situación inicial da capacidade lectora dos alumnos, da súa actitude cara a lectura. Tamén se valorará a práctica da lectura nas distintas materias e os métodos empregados; así como o uso da biblioteca e outros espazos de lectura.

Instrumentos e procedementos de avaliación do PLC

A capacidade inicial dos alumnos medirase con probas escritas; a actitude con enquisas. Os métodos e a situación do centro con enquisas, análise e estudo da realidade e da documentación existente.

A final do curso valorarase:

- Aplicación dos métodos propostos no PLEC.
- Funcionamento da biblioteca. (Informe anual de préstamos e actividades na biblioteca)
- Actividades planificadas dedicadas a lectura. (Informe-resumo das actividades que cada departamento desenvolveu en torno á lectura)
- Actitude dos alumnos para a lectura.(Enquisa)
- Capacidade de lectura dos alumnos. (Realización a principio e a final de curso dunha proba de comprensión lectora baseándonos nas probas elaboradas por PISA)

Elaboración de instrumentos.

Existen enquisas realizadas polo grupo de traballo que comezou a realización do Plan Lector, para avaliar as prácticas lectoras e escritoras do alumnado. Estas enquisas poderanse pasar ao alumnado novo que chega ao centro e poderanse repetir ao final desta etapa educativa para comprobar se o plan lector modificou algo estes hábitos.

Por outra parte, cada departamento elaborará os materiais de avaliación que consideren adecuados para determinar a competencia lectora do alumnado por niveis educativos. De calquera xeito, estes materiais atenderán a uns criterios mínimos:

CARACTERÍSTICAS DAS PROBAS PARA AVALIAR A COMPRESIÓN DUN TEXTO:

Seguiremos os procesos que ten en conta a avaliación PISA para avaliar a comprensión lectora.

Intentaremos escoller o texto procurando simular situacións reais de lectura, empregando ou ben textos continuos (os organizados en oracións, parágrafos) ou descontinuos (documentos tales como cadros e gráficos, táboas, diagramas, mapas....)

De calquera xeito, para comprender plenamente un texto, sexa continuo ou descontinuo os estudantes deben demostrar o seu dominio en cada un dos cinco procesos que teñen lugar durante a lectura comprensiva:

- Obtención de información.
- Comprensión xeral.
- Elaboración dunha interpretación.
- Reflexión e valoración do contido dun texto.
- Reflexión e valoración da forma dun texto.

As preguntas que se realizarán nestas probas deberán atender a estes cinco procesos.

Fontes de información para a avaliación.

Para a elaboración de materiais para traballar e avaliar a lectura, tomamos como principais referencias bibliográficas as seguintes:

- Blog de Bibliotecas Escolares de Galicia. (<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/>)
- Blog do Ministerio de Educación. (<http://leer.es/>)
- Materiais de PISA (marco e probas dos anos 2000,2003 e 2006)

Plan de trabajo

Coordinación do proxecto

Para a elaboración do Proxecto Lector do IES San Mamede, reuniuse a Comisión de Coordinación Pedagóxica e determinouse un grupo de profesores, fundamentalmente de materias das áreas de linguas e humanidades, que traballaron na realización da análise da situación da lectura e da escritura do alumnado e tamén das prácticas realizadas polo profesorado nas aulas en relación coa lectura.

Elaboráronse enquisas que se repartiron entre o alumnado sobre as prácticas lectoras e escritoras do alumnado. Tamén se lles pediu ao profesorado que nos comunicasen os logros e as dificultades que detectan nas súas materias relacionadas coa lectura e tamén qué actividades e estratexias contemplan nas súas programacións para fomentala.

Por outra banda, e ante a necesidade de formación que tiña este grupo de profesores en canto a Proxectos Lectores e Bibliotecas Escolares, dous profesores asistiron a un curso de formación no Centro de Recursos do profesorado de Ourense.

Nunha segunda fase de traballo, volveuse a reunir a Comisión Pedagóxica, púxose en común o traballo feito ata ese momento e pedíuselles a todos os departamentos que redactaran propostas para mellorar a competencia lectora dos alumnos dentro das súas materias. Cada departamento elaborou un compendio de actividades que realizan antes, durante e despois da lectura. En varias sesións reuníronse para elaborar un documento conxunto.

Desenvolvemento do plan lector.

Listaxe de procesos en torno á lectura:

- Avaliación das Prácticas Lectoras e Escritoras do Alumnado mediante unha enquisa que se pasará ao alumnado novo e se repetira ao final da etapa.
- Desenvolvemento de actividades de lectura e escritura en cada materia que se detalla en cada programación dos diferentes departamentos.
- Avaliación do proceso de comprensión lectora. Cada departamento realizará as súas propias probas de acordo co exposto neste plan lector.
- Posta en común dos resultados obtidos. Realizarase en reunións nas diferentes sesións de avaliación ordinarias.
- Elaboración dun informe anual de préstamos e actividades na biblioteca.
- Elaboración dun informe anual das actividades que cada departamento desenvolveu en torno á lectura. Necesitarase a designación dunha persoa ou grupo de persoas encargadas de recoller a información enviada polos distintos departamentos para a elaboración destes dous informes.
- Mellora do uso da biblioteca, a través da designación dunha ou varias persoas que se ocupen da súa dinamización, e comezando por solicitar a participación nun *Plan de Mellora de Bibliotecas*.

Modo de difusión e apoios necesarios.

As actividades levadas a cabo dentro deste Plan Lector serán presentadas en diferentes espazos físicos do centro, ademais de ser difundidas a través da súa páxina web.

Para o desenvolvemento deste Plan Lector necesitaremos a implicación de toda a comunidade educativa.